



INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

NORMATIVA REGULADORA

- DECRETO 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG nº 29, do 11 de febreiro de 2022).
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C) (DOG nº 212, do 8 de novembro de 2022).

INFORMACIÓN XERAL OBRIGATORIA

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

Asimismo, a admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado, se o tivese.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de admisión (ED550B) comprende entre o día 1 e o 20 de marzo (ambos incluídos).



ONDE CONSEGUIR A SOLICITUDE

Os formularios de admisión normalizados de solicitude (ED550B anexo II) e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora (ED550 anexo II-bis) estarán accesibles:

- a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- b) No portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- c) Nas dependencias dos centros docentes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes (ED550B) presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática **admisionalumnado** (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Para a **presentación presencial na secretaría do centro**, establécese o seguinte horario:

- **De 9:15 a 13:30 horas**

QUE DOCUMENTACIÓN DEBO PRESENTAR

Xunto co formulario de solicitude ED550B (anexo II), deberá presentarse:

- a) **Anexo II-bis** (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora).
- b) Documento acreditativo da representación (**DNI, NIE, pasaporte** ou documento equivalente).
- c) Copia do **libro de familia** ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais copia da **sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador** onde conste a custodia do menor.

MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información relativa ao proceso de admisión e reserva, así como os enlaces á normativa reguladora e aos formularios de solicitude, estará dispoñible na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcruceirocanido/>